

SUPOSTO PRÁCTICO: O LABORATORIO DE FARMACIA

1. Xulia traballa como técnico nunha oficina de farmacia que recibe a petición de realizar unha fórmula maxistral de gotas óticas de ácido acético, para o tratamento e prevención de determinados tipos de otitis externas, con data de 07-11-22

A súa elaboración precisa da preparación de unha solución de alcohol ao 70% á que se lle engade o ácido acético glacial.

Esta solución alcohólica tamén se precisa para a elaboración de un xel desinfectante de mans con glicerina que, con data 11-11-22, terá que elaborar Xulia.

Responde ás seguintes preguntas:

- Que produtos de laboratorio se nomean no texto? De que tipo son?
- Que documentación debe consultar Xulia para a realización de estas fórmulas? Cal é a función de esta documentación?
- Que documentación debe elaborar? Que información debe conter? con que finalidade se elabora?
- De todos os documentos anteriores, cales se poden empregar en distintos laboratorios e cales son de aplicación no laboratorio da súa oficina de farmacia?
- O ácido acético glacial presenta os seguintes pictogramas na súa etiqueta



Propón dúas medidas que axuden a previr posibles riscos durante a manipulación de este produto